

Cantai galegos o himno xigante
dos pobos libres, dos pobos grandes,
cantai galegos a idea santa
da independencia da nosa Patria.

ALFREDO BRAÑAS

A. FOIXE

PERIÓDICO GALEGO

ANO VI | Dirección e Ademin.: MEXICO 1660

BÓS AIRES, OUTONO DE 1935

Unión Telef. 38, Mayo 1741

Núm. 83

VISPERAS TRAXICAS

Europa está vivindo unha hora de tráxicas visperas guerreiras. O nazionalismo, que en sustanza, é ideal de liberdade, de comprensión e de fraternidade, é invocado por povos desnacionalizados e por gobernantes absolutamente anti-nacionalistas.

O imperialismo, negador do dereito e da liberdade nacional adoita a denominación de NAZONALISTA e dispónse a soulagar ao mundo nunha xeira de opresión.

Este intento, pese ao confusionismo que señorea ao espírito contemporáneo non chegará a realizarse. Nesta loita iniciada en Ginebra, o imperialismo europeo evidenciou a súa incapacidade pra encauzar a vida dos povos en vieiros de paz, de traballo e de prosperidade.

Ingraterra, a mais perfecta realización imperial, atráncase no camiño que Italia se propón seguir para concretar en feitos os ideais imperialistas que o estado fascista cultivou no corazón dos povos itálicos.

Sería moita inxenuidade o pensar ou creer que a actitude ingresa obedece aos móbiles que se invocan públicamente.

Non é mester ser moi asinado pra se decatarse de que Ingraterra n'este

caso, o que defende, non é o dereito e as soberanías nacionais, sinón a conservación dos seus dominios ameazados pol-a puxante vontade d'uns povos que teñen a ilusión de ser herdeiros de Roma e de poder realizar o que na antigüidade realizou o Cesarismo.

O imperialismo italiano, pra se desenrolar, ten mester de facelo a expensas dos imperios existentes, e isto, percíbense os imperialistas ingresa con unha craridade tan meridiana, que, nin as mais vehementes protestas de amizade e de respecto pol-os intreses británicos que faga o distador italiano poderán obscurecer.

A actitude ingresa fronte a Italia, é a actitude de quen se resiste a ser desplazado. A actitude das nacións ou estados que acompañan con mais ou menos decisión ao imperio ingresa n'esta emerxenza, é froito, non da obscuridade co forte e poderoso, sinón da conscente ou instintiva percepción do perigo que pra todos significa o trunfo das arelas italianas.

O Imperio Británico ten acadado o límite máximo das súas realizacións e está entrando nun período de esmorecemento; o imperialismo italiano é unha arela cobizosa de realizacións que se ergue entusiasta, audaz e soberbia; os estados, por moitos agravios que teñan recibido do imperialismo ingresa, están da súa banda fronte a Italia cuíus arelas inquietan e producen un malestar que se traduce en intentos de reacción contra o perigo dunha inminente imposición da vontade de dominio dos povos sometidos a Musolini.

O tremendo delirio imperialista dos povos itálicos, cicais sexa a derradeira labarada do espírito que presidiu a actual orgaización imperial de Europa que afina na subordinación da nacionalidade ao estado.

Os intreses e os sentimentos nacionais, fican, na Europa imperial, asballados pol-a razón de estado, que, mais que razón, é prepotencia brutal ou violenta imposición de xeitos e normas que tenden a desnacionalizar aos povos.

O caso italiano é exemplar.

Musolini conseguiu realizar a unidade itálica donándolle aos povos de Italia, un motivo, un obxectivo común, ou como dixo un pensador hespañol referíndose ao imperialismo de Castela, unha empresa a realizar.

Antes de Musolini a unidade itálica, era formal mais non real. Non había nos povos unha concenza crara da propia personalidade que fixera trascendente ao prano político as diferenzas nacionais, pero elas existían de feito, e manifestábanse na mutua repulsión dos povos sometidos ao estado italiano.

A unidade italiana en si, non podía ser un ideal pra povos que, a pesar da opinión de un ilustre teorizante galego do nazionalismo, son todo o contrario do que él afirmaba.

Os povos italianos son tan alleos os uns dos outros como nós dos casteláns, dos vascos ou dos cataláns.

A persistenza d'ese estado de cousas, ou sexa a unidade italiana sin obxetivos que acadar fora dos límites peninsulares, non podía seguir sin que o difuso sentimento nacional dos povos se condensase nun estado de concenza que poría ao descuberto a ficción da "patria italiana".

Xa se tiñan producido aisladamente, e sin maior trascendencia algúns casos que eran d'abondo elocuentes, si se ten presente a falla de concenza da propia personalidade nas nacións da Italia.

D'entre algúns que coñecemos recordamos a pública exteriorización de separatismo siciliano a que deu lugar fai perto de trinta anos o proceso e condena do ministro Nasi, que ao chegar a Palermo, foi entusiastamente recibido con berros de viva Sicilia libre! morra Italia!

O dictador italiano, non conseguiu, nin conseguirá, borrar as diferenzas nacionais existentes na península itálica, pero evitou transitoriamente que surxisen movementos nacionalistas; complementou a obra de Cavour, cultivando no corazón das xentes unha arela de dominio e de conqumero que só pode ser contida pol-a forza de imperios aínda potentes ou pol-a acción mancomunada das nacións ameazadas pol-a tolemia imperial que o Duce inoculou as xentes italianas.

O imperialismo está en cris. En Hespaña, en Ingraterra e tamén en Franza e Rusia o rexurdimento das nacionalidades réstalle vitalidade aos estados opresores.

Italia é oxe o reducto máis vigoroso do sentimento imperial e antinacionalista, engaiolados pol-a aparatividade militar e os xestos cesáreos do Duce, non enxerguen os povos de Italia a propia realidade nin parecen botar de menos a liberdade.

Os nacionalistas non podemos contemplar impasibles a tolemia imperialista dos povos italianos que vai moito mais alá de Etiópía nas súas arelas conqumidoras.

Pra nós, o caso italiano e unha rémora que se opón as vindicacións nacionalistas que consideran incompatible coa categoría e a diñidade human o renunzamento a liberdade; a subordinación, o sometimento absoluto e incondicional do individuo ao estado non e doada para a nosa idealidade nacional, que subordina o estado as modalidades e comenanzas da Nación.

O nazionalismo, é a vindicación do dereito a ser libres. A soberanía da Nación afina na suma das vontades individuais, e non no estado que só e n'este particular o instrumento pol-o qual aqueles deben manifestarse.

O réxime de sumisión, de preponderanza do estado sobor da nación, da opresión do individuo é contrario ao espírito nacionalista. O sometemento. o renunzamento a pensar é lóxico nos imperialistas, os nacionalistas non poden renunciar a liberdade sin renunciar a súas arelas nacionais.

Os nacionalistas galegos temos que evitar a confusión.

N'esta hora en que Europa está ao borde d'unha catástrofe, a nosa definición, ten de ser categórica.

As ditaduras, o fascismo a supresión da liberdade so poden condizoarse con aspiracións imperialistas.

O fascismo, é, pol-o conseguinte incompatible cos ideais nacionalistas, si eles se sinten conscente, honrada e sinceramente.

A reconstrución política de Europa, a liquidación do imperialismo, terá de ser acadada pol-o sacrificio dos bós e xenerosos en loita terrible, mais elo non poderá ser impedido.

O adversario que temos ao noso fronte os nacionalistas, é o fascismo que só pode sosterse entolecendo aos povos con empresas imperiales.

Eis a Italia, cuíus povos entolecidos pol-o veneno imperialista viven nun estado de magoante e indíña sumisión ao dictador, que, coas súas actitudes retarda o esmorecemento dos imperios e alonxa para Europa as posibilidades de paz e progreso que só lle pode faguer abranguer unha nova estruturación política afincada no dereito das nacionalidades a ser libres e soberanas.

Pasando o Cribo

Un xornal de San-Iago, simpatizante do feiscismo e do Xil Robles, publicou fai pouco un traballo laiándose de que o Arquivo da Galiza estase apodrecendo na Cruña, non embarcantes haberse ofrecido o Colexio de San Clemente pra que fose traguido a Compostela. Son os acostumados chormiqueos d-ese periodismo da Galiza, politiquero, afeñoritado e cobarde que soio sirve pra mover o botafumeiro en favor de todol-os Dons Fulanos que andan a veira dos políticos en aitividade.

¡Si serán parvos eses señores que así se laian!

¿Non saben acaso que cando os santiagueses e os cruñeses queiran o noso Arquivo ocupará o mellor edificio da Galiza?

¿Ou é que non se dan conta que o que quer a Hespaña dos Xil Robles e demais gobernantes é precisamente que o Arquivo da Galiza e tod-o que sexa galego se apodreza de vez?

Fai falla ser homes e non poñerse a chorar com-as prañadeiras.

Un señor Braulio Amaro Gómez, que campanudamente se di presidente do grupo republicano radical de Sant-Iago, escribe no xornal "El Pueblo Ga-

Iglesias, no número de "El Pueblo Gallego" da data da festa de Sant-Iago. Nin o castelán nin o castelanizado, rexidores os dous da que debía ser Universidade Galega, din nada novo sobor do que n-esa escola se ven facendo.

Decote o mesmo disco deixando escoitar esas verbas frías, rixidas e cheas de cerimonia, que non falan ren do sentimento patriótico dos galegos que non están colonizados.

Unha impresión dorosa, eso si, de que a Universidad sigue sendo unha cousa allea a Galiza.

A loita que produz a elección de membros pra Comisión Directiva do Centro Galego, dónanos proveitosas leicións sobor os valores e a conduta de algunhas xentes da coledividade galega.

Non hai intre no que mellor se poidan medir as ambicións materiais, as ambicións vaidosas e os procederes fallos de nobreza de algúns homes que, pra vergonza das xentes galegas, aínda pretenden ir adiante nas tarefas; de dirixir as nosas entidades.

Si en reaidade huobera unha conciencia nos emigrados, certos elementos que traballan, tanto no oficiali-

llego" proponendo nada menos que a reaización dun proieito que viría a fender pol-o medio a groriosa cibdade de Sant-Iago, pra construír unha rua ancha que chegara as mesmas portas da catedral.

Este señor, que seguramente coida que Compostela e mesmo que as cabaleirizas do Alfonso XIII, fai un luxo de verbas e usa unha prosa que debe ser a que se acostuma nos comités republicanos radicales e nas cartas que envía aos compinches o Emiliano Iglesias, cacique máisimo o mais repudiado oxe na nosa Terra.

Non sabemos o que pensarán os composteláns d-esa herexia do señor presidente local do Partido Radical.

Nós aconsellaríamolle que o metan en Conxo ou que o manden as Urdes.

Dous artigos longos, reseñando a labouira da Universidade, esquirbeu o reitor e o vice, señores Montequi e

Farmacia "JUNIN"

LABORADOIRO DE RECEITAS

Análises e Esterilizacións

Material aséptico pra curas

Rúa CANGALLO 2100

U. T. 47 - 1568

mo com-a na oposición, non atoparian nin un soio asociado do Centro que lles fixera caso. Porque calquera se da conta de que, homes que se din galegos e aitaron en hespañol toda a súa vida serían unha calamidad si chegaran a entrar na directiva do entro.

O Centro, que chegou a ter un estado de prosperidade en moitos aspectos, tería que facer labouiras que non fai, pro non pode facer moitas que os opositores queren que faga.

E seguindo o caso do Centro Galego, nós que somos dos socios de número baixo, maxinamos que moitas das labouiras que se quer que o Centro faga non é él precisamente o chamado a facelas. O Centro ten o seu que facer, que é moito, e o esencial é que o faga ben. Entidades hai, com-a Federación, que, si se sentiran mais galegas e os seus membros tiveran mais metida no miolo a conciencia do sér galego, poderían facer eso que se quer que o Centro faga pol-a súa conta.

E eso, craro está, pode ser comodismo ou incapacidade, ou as duas cousas ao mesmo tempo.

Porque hemos de convir en que n-estes tempos o que sobra e xente tropicalizada e tocada da manioia de dar proieitos, pro o que falla e quen poida e queira facelos realidade.

Noceda.

O idioma que falamos

Toda verba é unha imaxen de algo invisíbel ou abstracto que a súa emisión evoca, io mesmo tempo unha entidade sonora cuia asociación con outras da mesma especie forman o conxunto rítmico chamado frase. Costuie, pois, un elemento artístico, io mais perfecto, tamén, dende así resume a nozón i-a emozón, en termos mais xerais, a intelixenza i-a sensibilidade que de tal maneira a teñen por espresión simultanea: fenómenos que non ocorren con ningún outro, porque ningún: cór, volúme, sonido e representativo por si sô como il, nin valor primordial en consecuencia.

Siguese craramente d'eiquí, que o idioma é unha obra de arte, o que equivale a decir de alta cultura executada por individuos cultos; xa que como ninguén ignora, o temperamento artístico non basta por si sô pra efectuar aquela creazón. A calidade natal riquiere cultivo adecuado pra non malograrse.

Primeiro entre todos os valores espirituales d'un povo, a verba e un instrumento de tal perfección, que cando se estuda a fondo o idioma hasta a tribu mais salvaxe — e por esto con maor razón aínda — non lle atopa orixen posíbel se non na comunicazón de

seres superiores; por suposto que dempóis de habelo intentado meiante os recursos da cencia, como ha menester, ou sexa con rigurosa suxeición ao seu método.

Baixo iste ou calquera outro criterio, a obra de arte que é o idioma, resulta asimismo a primeira da civilización cuio órgao esencial constituie, posto que dita formazón política e social é inconcebíbel sin a verba. Confúndese habitualmente civilización con máquina, porque olvidase que esta última e a realización d'unha fórmula: vale decir d'unha espresión enunciativa e numérica que así combina todos elementos verbaes.

L. Lugones.

("La Nación").

Teatro Galego

"Matria", drama en dous aitos por Alvaro das Casas, edición "Nós".

O teatro galego, escomezado a facer con obras nas que a nota rural e de mal gusto sobresaía tan aldraxant-pa nós com-a que nos viña nos sainetes de Madri, foi mellorando dende que algúns esquireiros, con conciencia do noso, se propuxeron erguelo e diñificalo, tomando da vida do povo os elementos nobres pra levar a cabo a tarefa. Si ben e certo que aínda quedan algúns esquireiros cuias obras deberan avergonzalos a eles mesmos, tamen o é que o teatro galego vai progresando pese a falla de artistas que o tomen e o leven as taboas co agariño que meréz.

"Matria" de Alvaro das Casas, aitor xa de outras obras nosas, antre elas "Pancho de Rábade", e un drama inspirado nas angurias da Terra e cheio todo él dun fondo e puro patriotismo. Ademáis de dibuxar con rasgos fortes os persoaxes, o aitor preséntanos un simbolismo que dona a impresión da traxedia e da door da Terra, oxe opresa e eisprotada por xentes alleas. Nela de Aldan, dona nobre e fidalga vinda a menos por circunstancias que na vida se repeten acotío, ben pode simbolizar a Galiza, e os seus tres fillos ser a representazón de todol-os mozos galegos que se botan

pol-o mundo adiante en busca do vivir libre e dino que se lle nega na súa propia Terra.

Drama fondo, no que os persoaxes descubren a súa ialma e falan dun xeito que non admite réplica nin dos propios nemigos da Galiza, a súa le-tura alenta as nosas decote fortas esperanzas no porvir da patria.

O. M.

CHEGOU i-ESTA á VENDA

"MATRIA"

Por ALVARO DAS CASAS

Un drama forte e de outa conceición patriótica, eispoente das angurias de Galiza. Está á venda na Federación e na S. N. Ponal.

PREZO \$ 0.60

CHEGOU I ESTÁ POR ESGOTARSE,

"RETRINCOS"

Cinco contos de Castelao con dibuxos de Maside

PREZO: \$ 1.25

Merque Libros Galegos

Temos libros que xa se esgotaron na Galiza e tardarán anos en volver a editarse.

ORIENTAZONS

Qué fixeron deica agora, os nazionalistas galegos por espallar o ideal nazionalista nas masas obreiras das vilas galegas?

E probabel, o cal sería de lamentar, que aténdose a que Galiza é un país agrícola e gandeiro, que inda se siga sostendo a idea peregriña de que na nosa Terra, non existen obreiros, logo, os homes que traballan nas fábricas e talleres da Cruña, o Ferrol, Vigo, Ourense, etc., que son, un mito?

Houbo poetas galegos do século dezanove e tamén algúns do vinte que decote botaban man do argumento cursi e de mal gosto, de que a vila galega é algo así como un inferno d'abogados señoritos e maragatos onde non se pode pillar cousa boa e outras pataratas.

Eisite un erro fundamental o considerair a cibdade galega como un criadeiro de señoritos parvos e hespañolizantes e non queren ver, ou esquecen, que estes non representan mais, que unha minoría insignificante en comparanza coa maoria da crase traballadora que tanto na Galiza como en calquer parte do mundo, compoan a povoazón d'unha cibdade.

Pro é, que resulta moi cómodo decir: "a vila podre" e ficar tan campantes.

Nas vilas galegas hai milleiros e

direita coas suas leiras, son trécolas: d'ahí, qu-os políticos hespañois, coñecedores da psicología do aldeán galego, pros seus fins electoreiros, decote bote man do "eterno" e único argumento infalibel, que nunca lles falla: Construción d'unha estrada que favorecerá os intreses da parroquia, e eliminación ou rebaixa dos impostos.

Eu non pretendo donar n'este intre, unha solución inmediata o problema económico do noso agro pois teño o convencimento ausoluto, que só un Estado galego, ceibe de tutelaxes estranxeiros pode procurralle os nosos labregos un benestar por meio d'un sistema cooperativo, industrialización dos produitos de granxa, etc.

Ben é certo, que si queremos atopar o celmä da raza, o idioma e costumes é tradizoñs da nosa Patria, temos d'ir os labregos, pois eles son os únicos depositarios fideles, mais a verdade é que o son, en certo modo, de xeito inconscientes, carecendo da mais elemental noción de senso político da súa sinificativa personalidade galega.

Agora ben. o comenzo d'este artigo, pregunto, que é o que fixeron os nazionalistas galegos por espallar o ideal arredista antre os obreiros das vilas, mais agora xa se me ocorre preguntar: de que xeito, débese encarrar o espallamento do nazionalismo?

milleiros d'obreiros que esperan os apóstolos dos evanxeos do arredismo. Eu teño unha fe ausoluta nas posibilidades do arredismo, na vila galega.

Pretender levar a cabo un movemento arredista no agro, de costas a vila, é un suicidio, ou si pola contra, tentóase empezar polo agro, pra logo infruenciar as xentes da cibdade, é perdel-o tempo.

Non hai que esquecerse, que as xentes do agro sempre andan a copiar os da vila, e pódese asegurar, que o día que as vilas galegas sexan arredistas, o agro tamén será arredista, por outro lado, creo innecesario manifestar, qu'os obreiros das cibdades, entréganse a un ideal con un altruismo e calor que non sinte o labrego e moi en particular o galego pol-a súa condizón, de pequeno propietario.

Pro labrego galego, todo o que non sexan promesas que estean en relazoñ

Demostrándolle o proletariado galego, a inutilidade e prexuízos que l'ocasiona a súa dependenza con Madrid; facéndolle ver a súa capacidade, pra arranxar os seus problemas, pois só eles, e nunca os hespañois, deben seren os árbitros das suas custións de traballo, logo conseguido este propósito, o demáis virá só, como consecuencia lóxica das cousas.

Mais o que compre é establecer, quéns son os homes indicados, como pra emprender unha labouira de tan capital importancia, mais... e'los?

Eses homes, compre facelos, e ten que ser precisamente, antre os mesmos obreiros d'onde teñen de sair, pois sería moi inocente, pensar na eficacia que podían ter antros obreiros, homes que púbricamente fan fe d'un credo relixioso, ou d'empregados do Estado opeirox...

M. da Presa.

MANOEL CAMPOS

Representante exclusivo das marcas
HABANOS LAS PERLAS - CIGARRILLOS CLOWN - TABACO DILL
BEST - CIGARRILLOS EGIPCIOS "KING GEORGE" (Alejandría).

TABACOS E CIGARRILLOS

De Gallaher, Ltda. - Belgast y Londres, Rotary Gold Bond Colombine,
Par Drive - Two Flakes.

276 - SAN MARTIN - 276

BÔS A I R E S

Pubricazóns

Galegas

"Nós" N° 136.—Correspondente ao mes de Abril, trae o seguinte sumario: "Río", poesía por A. M. Casas; "As armas das Lousadas", por Armando Mattos; "En col da poesía bárdica", pol-o profesor S. Vendryes; "A barca", poesía por Xosé M^o Castaño Priegue; "Miscelánea", por A. das Casas; "Arquivo filolóxico i etnográfico de Galiza", "Miteuropa", por V. Risco; "Os homes, os feitos, as verbas", pol-a Redaición.

"Logos" N° 45.—Abril-Xunio, cos seguintes traballos: "O novo bispo galego", pol-a Redaición; "O santo Conde Osorio Gutieérrez", por Fr. Santiago Crespo; "Os órgaos nas eirexas de Galicia", por Fr. Xosé Migúelez; "A espiritualidade dos cancioeiros", por Fr. Gumersindo Placer; "O canto da Eirexa", por Dom. Victoriano González; "Documentos galegos medievales", por Fr. Atanasio López; "Unha semán maior por radio".

"Betanzos", revista do "Centro Cultural Betanzos".—Recibimos esta publicación correspondente o mes de Agosto, a que trae abundante material adicado a Galiza. Ademáis dos traballos adicados a fermosa e procer cibdade bergantina destácanse os que ven co-

"A FOUCE"

en Galiza

Os ideales nazionalistas da "Pondal" aínda non contan no seo da patria con orgaismos que os sustenten, mais elo non é impedimento pra que a nosa patriótica labouira en prol da liberdade chegue ao curazón das nosas xentes.

Sabemos que a pesar de non existir en Galiza ningún orgaismo que sustente os ideales nazionalistas integralmente, son xa moitedume os que ollan en "A FOUCE" a expresión do seu intimo arelamento de liberdade.

Das verbas alentadoras que nos chegan da patria, son decote as que mais fonda ledicia nos producen as que veñen do agro, son elas as que con mais craridade nos permiten ollar o promisor desenrolo das ideas nazionalistas.

Por tal razón é que publicamos a nota recibida da Sociedade de Agricultores de Coruxo (Vigo). Ao publicala desexamos que o saludo do qual gustosos nos facemos portadores inspire nos residentes de Coruxo n'esta cibdade o arelamento de traballar por Galiza, inspirándose en sentimentos que concorden co's patrióticas verbas que gustosos transcribimos:

Coruxo, 5 de Septiembre 1935.

Sr. Director de "A Fouce":

firma de Victoriano Taibo, E. Pondal, Curros, Rosalía de Castró, Cabanillas, López Abente, Flores e outros.

Trae tamén fotos e dibuxos de Castelaño que fan da revista devandita un belido número.

Liñas de Loito

Don GERMAN NOGUEIRA

O día 8 do mes de Agosto pasado morreu no povo de Carballo do Hospital, en Quiroga, o señor Germán Nogueira, notiza que ven a enloitar as familias dos nosos benqueridos irmáns Daniel Nogueira e Manoel Lamas González.

Foi o señor Nogueira un caracterizado veciño que gozaba de gran estima na belida bisbarra de Quiroga, pois o seu fogar era modelo de laboriosidade e de virtudes dos que fan honra a raza e a Terra.

Aos seus fillos residentes n-esta cibdade, Antón, Bautista, Daniel, Rosa, Flora, e ao seu fillo político Manoel Lamas e demáis familiares, enviámoslles as testemuñas do noso fondo sentimento pol-a perda que eisperimentan.

"A FOUCE", NON É UN PERIODICO HESPAÑOL. É UN PERIODICO ENTEIRAMENTE GALEGO.

En nome dos campesinos do Sindicato de Coruxo, teño sumo gusto en participarlle, que con gran satisfacción vimos enterándonos continuamente da grandiosa labor que o preódico que vosté dirixe defende con gran ardor e cariño, a nosa fala, as nosas costumes e o noso ideal.

Por tal motivo rógolle teña a ben dar un saludo fraternal a nosos irmáns por terras da Arxentina dos galegos de Coruxo e que están sumamente agradecidos das propagandas ao valente preódico, que fai dos intreses galegos.

Sin mais, dispoña de seus irmáns e sigan na súa ardua labor.

Miguel Doira.

Teatro Irlandés

Chegou a versión galega, feita por Plácido R. Castro é os irmáns Vilar Ponte, de dous Folk-Dramas, do gran poeta irlandés William Butler Yeats, tidoados:

CATUXA DE HOULIHAM

e

O PAIS DA SAUDADE

N'un tomo e con fermosas liñas li-miars dos traductores.

VÉNDESE NA "PONDAL"

Prezo: 75 centavos.

DO DITO O FEITO...

E moi corrente oír decir a defensores vergonzantes do estado de escravitude e renunciamiento a que se acha sometido a nación galega, que loitar contra esta situación é colocarse en terreo reacionario e regresivo.

Son estas probes xentes, que, demasiado tímidas pra tomar partido en favor dos que esprotan i-asoballan a Galiza, escúdanse tras de supostas ideas comunistas ou socialistas, mais a súa imbecilidade non é tanta como pra impedirilles ver o pouco simpático papel de Xudas que lles toca desempeñar.

¡Qué pretensión! O mais que poden chegar a ser, é feixistas pra figurar na falanxe, dalgún aspirante a Mussolini que os leve do ronzal, a cumprir tal vez, algu-ha misión civilizadora...

Esto do comunismo e outros pretendidos ideás son patrañas con que non enganan a ninguén. Tendo verdadeiras ideas comunistas ou socialistas tense que ser forzosamente separatista. Lenin dixo qu-era absurdo falar de libertar as crases oprimidas e deixar as nacionalidades encadeadas. Engels, sendo inglés loitou pol-a independencia d'Irlanda, a pesar do marcado carauter católico d'iste movemento.

Un movemento que leve como sublime aspirazón a gran berva "liberdade", non é nin pode ser reacionario nin regresivo.

teñentes nin grandes capitalistas industriais e os que hai son hienas que viven de despojos do león hespañol i-encanto este deixe de facer caza morrerán de fame ou vivirán d'outra maneira mais decorosa.

Esto mais que un-ha ventaxa coído qu-é un-ha desgracia. Algun-has nacións que conqueriron outros países, déronlles en troques da súa liberdade industria con tod'o progreso que esto leva aparelado e cando recobran a perda liberdade quedan en situación de poder reanudar a súa vida normalmente con relazón os países civilizados e orgaizados. Pro Hespaña si-gue tratando a Galiza da mesma maneira que o facían os seus antepasados mouros. O igual c'aqueles, tena sometida a bárbaro tributo sin importarlles como s'arreglarán pra facelo efetivo; e o galego cando non ten con que satisfacer as eixixencias do chulo, sae a entregarse como vulgar prostituta o primeiro señor qu'encontra por estos mundos de Deus.

Un-ha cousa que moito sorprende, é que todas estas canalladas e atropellos, se fagan en nome de Cristo-Deus, cando as súas doutrinas son tan opostas a elo. Deus que tod'o fixo e preveu o que tiña de suceder, é de supoñer que fixese as nacións e as linguas. As sagradas escrituras din que despois do diluvio dividiu Deus os homes: Cada cal según súa lingua conforme

En Galiza rixen normas de vida diferentes as que eixisten no resto do mundo, e de particular en Hespaña; pol-o tanto, os seus probemas non poden resolverse da mesma maneira ca no-otros países. Da doutrina socialista non ten mais aplicazón ca que atanxe o imperialismo, e as arelas que van encamiñadas a libertar un povo oprimido, chámanse e son nazonales ou nazonalistas.

En Galiza non hai grandes terra-

MANOEL GONÇALVES

Tramitacións de pasagens pra Galiza, Portugal e Hespaña, e cartas de chamada pra o Brasil e Argentina.

VENDA DE LIVROS
PORTUGUESES

RECONQUISTA 550 - Escrit. N° 1
Teléfono 31 - 0397 - BÓS AIRES

FÁBRICA DE CONFEITOS, TURRONS E COMPRIMIDOS

— DE —

A. HERMIDA

Teléfonos: 60-2136 y 6933

Rua BELGRANO 4145

BÓS AIRES

LIBROS GALEGOS

A VENDA NA SOCIEDADE NAZONALISTA "PONDAL"

NOVELAS

R. Otero Pedrayo	
Os Señores da Terra	\$ 1.25
O Estudante	" 1.25
A Maorazga	" 1.—
Arredor de si	" 1.—
"Fra Vernerio"	" 1.25
Vicente Risco	
O porco de pé	\$ 1.50
G. López Abente	
Vao silveiro	\$ 1.—
O diputado por Beiramar	" 1.—
Aurelio Ribalta	
O derradeiro amore	\$ 1.—
Xoan Xesús González	
A Modelo de Paco Asorey	\$ 1.25
Xosé Lesta Meis	
Abellas de ouro	\$ 2.—

CONTOS

R. Otero Pedrayo	
Contos do camiño e da rúa	\$ 1.—
Camilo Díaz Valiño	
"Contos de Guerra"	\$ 1.20
Ricardo Carballedo	
De min pra vós	\$ 0.50
Correa Calderón	
Margarida a da sorrisa d'aurora	\$ 0.40
M. García Barros	
Contiños da Terra	\$ 1.80
A. R. Castelao	
Os dous de sempre	\$ 3.50
Retrincos	" 1.25

POESIA

Manoel Antonio	
De catro a catro	\$ 0.80
R. Carballo Calero	
Vieiros	\$ 1.—
O Silenzo Axionllado	" 1.60
R. Blanco Torres	
Orballo da media noite	\$ 1.—
Armando Cotarelo	
Cancioeiro D-Agulla	\$ 1.25
Gómez Ledo	
As Eglogas de Virxilio	\$ 1.—
Borreas	" 1.60
Romanceiro Compostelán	" 1.20
Euxenio Montes	
Versos a tres cás o neto	\$ 1.50
G. López Abente	
Escumas da Riveira	\$ 1.50
Alento da Raza	" 1.—
Nemancos	" 1.25
R. Cabanillas	
Da Terra Asoballada	\$ 1.20
No Desterro	" 1.20
Valentín Lamas Carbajal	
A Musa das Aldeias	\$ 1.20
Poesías	" 1.30
Amado Carballo	
O Galo	\$ 1.80
Victoriano Taibo	
Da vella roseira	\$ 0.40
Xulio Sigüenza	
Cántigas e verbas ao ar	\$ 1.—
Xosé Rubinos	
O Poema da Cruña	\$ 0.75
Leiras Pulpeiro	
Obras completas I.	\$ 1.50
Xesús San Luis	
A volta do bergantiñán	\$ 0.40
Alvaro Cunqueiro	
Mar ao norte	\$ 1.25

Augusto María Casas

Panal e froil	\$ 1.25
O vento segrel	" 1.25

TEATRO

Vicente Risco

O Bufón d'El Rei	\$ 0.50
------------------------	---------

A. Villar Ponte

Nouturnio de medo e morte	\$ 0.60
---------------------------------	---------

Os Evanxeos da Risa Abso-	
luta	" 2.50

Triptico Teatral	" 1.50
------------------------	--------

G. López Abente

María Rosa	\$ 0.75
------------------	---------

Alvaro das Casas

A morte de Lord Stanter	\$ 0.75
-------------------------------	---------

Pancho de Rábade	" 0.50
------------------------	--------

Tres conversas	" 0.60
----------------------	--------

Mátria	" 0.60
--------------	--------

Rafael Dieste

A Fiestra Valdeira	\$ 1.25
--------------------------	---------

A. Cotarelo

Beiramar	\$ 0.60
----------------	---------

Mourenza	" 0.50
----------------	--------

R. Otero Pedrayo

A Lagarada	\$ 0.50
------------------	---------

Xesús San Luis

O Fidalgo	\$ 1.60
-----------------	---------

Ramón Cabanillas

A man da Santiña	\$ 1.50
------------------------	---------

Vilar Ponte e Cabanillas

O Mariscal	\$ 1.80
------------------	---------

M. Bergueiro López

Olo cos estudantes	\$ 0.60
--------------------------	---------

F. Porto Rey

A tola de Sobrán	\$ 0.60
------------------------	---------

Leandro Carré

O Corazón d'un Pedáneo	\$ 0.60
------------------------------	---------

VARIOS

Seminario d'E. Galegos

Arquivos II	\$ 1.50
-------------------	---------

Arquivos IV	" 1.50
-------------------	--------

Arquivos V	" 1.50
------------------	--------

Vicente Risco

Miteuleuropa (viaxes)	\$ 3.—
-----------------------------	--------

Elementos de Metoloxía	" 5.50
------------------------------	--------

A. R. Castelao

As cruces de pedra na Bre-	
taña	\$ 2.—

Cousas (2º)	" 1.60
-------------------	--------

Cincoenta homes por dez	
reás	" 1.30

R. Villar Ponte

Breviario d'Autonomía	\$ 1.25
-----------------------------	---------

Historia Sintética da Galiza	" 3.—
------------------------------------	-------

R. Otero Pedrayo

Ensaio histórico sobor da	
cultura galega	\$ 5.50

Pelerinaxes I	" 2.50
---------------------	--------

Romanticismo, Saudade,	
Sentimento da Raza e da	
Terra, en Pastor Díaz,	
Rosalía Castro e Pondal	" 2.20

A Romeiría de Xelmires	" 3.50
------------------------------	--------

Teatro Irlandés, "Catuxa	
de Houllham" e "O País	
da Saudade" (versión	
galega por P. R. Castro e	
os irmáns Vilar Ponte)	\$ 0.80

Estes libros mándanse, franco de

porte, a quen os pida.

Dirixirse a Sociedade Nazonalista

"PONDAL", rúa México 1660, ou a

"Federación de Sociedades Galegas",

Belgrano 1732.